Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

# ACTA Nº 2020/14

# SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN

## SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE LOUSAME, XOVES, 15 DE OUTUBRO DE 2020

No día de hoxe, ás **20:35 horas**, baixo a presidencia da Alcaldía-Presidencia, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE** do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**
MARÍA TERESA VILLAVERDE PAIS (PP)

**ASISTEN:**
*PP (GPM do PP)*
RAMON MARTINEZ RIAL
SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA
RAMÓN FIGUEROA PÉREZ
YÉSICA FERNÁNDEZ MIGUÉNS
JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO
JESÚS MARTÍNEZ CASTRO

*PSdG-PSOE (GPM do PSdG-PSOE)*
JULIO MANUEL DANIEL PARADELA BUSTO
BEATRIZ GONZALEZ BARGO
IVAN BERMUDEZ CASTRO

*BNG (Grupo Mixto)*
ANXO MOLEDO CARREÑO

**AUSENCIAS:**

**SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:**
PAULA ARES OTERO

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldesa e da Secretaria (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.



FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 25/01/2021 14:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 25/01/2021 14:12:00)
Versión imprimible
CVD: w0zc9FJx8yCyMdf6CXin
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

Parte resolutiva:

1 Ratificación, se procede, da urxencia da sesión.
2 Aprobación, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa do Punto de Atención á Infancia.
3 Aprobación, se procede, do Crédito Extraordinario 33/2020.

## 1) RATIFICACIÓN, DE PROCEDE, DA URXENCIA DA SESIÓN.

A Alcaldía-Presidencia da conta da proposta de acordo que se somete á consideración do pleno corporativo, que é a que de seguido se indica:

::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::

**PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.**

De xeito ordinario as sesións do órganos colexiados deben ser convocadas cunha antelación mínima de dous días hábiles entre a data da convocatoria e o día da celebración da sesión de que se trate.

Non obstante, poderán celebrarse sesións co carácter de urxente, sen respectar esa antelación na convocatoria, cando existan razóns debidamente motivadas de urxencia que así o aconsellen, requiríndose que o pleno do ente local, ratifique esa urxencia da convocatoria e sesión, por maioría simple.



As razóns que motivan a urxencia na convocatoria da sesión son as seguintes:

1. *Aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa do Punto de Atención á Infancia*

O 25.09.2020 o Pleno Corporativo aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa do Punto de Atención á Infancia; co obxectivo de establecer unha bonificación ao 100% por o 2º e sucesivos fillos.

Posteriormente, a Educadora Social do Concello, informou que a Consellería de Política Social emitira unha circular aclaratoria, sinalando que a gratuidade para os segundos ou sucesivos fillos era con independencia de que o primeiro fillo estivese matriculado no Punto de Atención á Infancia.

Polo tanto, é preciso deixar sen efecto o acordo plenario do día 25.09.2020 e modificar a ordenanza fiscal, no sentido sinalado pola Consellería de Política Social. Canto antes entre en vigor esta modificación, antes poderán beneficiarse os usuarios do Punto de Atención á Infancia.

2. *Aprobación do crédito extraordinario 33/2020*

O investimento incluído no Préstamo Provincial 2019, debe ser adxudicado neste exercicio 2020 (a data máxima é o 30/11/2020); polo que é preciso dotar o crédito no orzamento 2020, grazas á tramitación do crédito extraordinario 33/2020, financiado con ese préstamo provincial 2019.

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 25/01/2021 14:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 25/01/2021 14:12:00)
Versión imprimible
CVD: w0zc9FJx8yCyMdf6CXin
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Aproveitando que se tramita esta modificación orzamentaria, tamén se decide executar os investimentos incluídos no préstamo provincial 2020; e tramitalo de xeito conxunto, pola aplicación dun principio de eficacia e eficiencia administrativa.

Esta modificación orzamentaria ten unha tramitación longa, cunha aprobación inicial, período de exposición pública, aprobación definitiva e publicación no BOP. Por todo isto, cómpre acelerar a súa aprobación inicial, xa que non se poderán formalizar os contratos administrativos até que entre en vigor a modificación orzamentaria.

Por todas as razóns expostas, é polo que esta Alcaldía propón ao Pleno Corporativo de Lousame que:

Ratifique a urxencia da sesión extraordinaria e urxente convocada para o **xoves, día 15 de outubro de 2020, ás 20:30 horas.**

*Documento asinado dixitalmente*

A Alcaldesa, Mª Teresa Villaverde Pais

.......................................................................................................................................................

A Alcaldía pregunta se hai algunha intervención. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros/as presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: Ratificar a urxencia da sesión extraordinaria e urxente convocada para o xoves, día 15 de outubro de 2020.**

## 2) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA

A Alcaldía-Presidencia da conta da proposta de acordo que se somete á consideración do pleno corporativo, que é a que de seguido se indica:

.......................................................................................................................................................

***Asunto:*** *Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servicio do punto de atención á infancia*
***Expediente:*** *2020/G016/000002*

**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Mª Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Lousame, e no uso das competencias atribuídas pola lexislación vixente en materia de réxime local, emite a presente proposta de acordo:

***Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servicio do punto de atención á infancia.***

"O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, na aplicación da lexislación vixente en materia de réxime local, emite o mesmo baseado nos seguintes antecedentes e fundamento xurídicos:



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 25/01/2021 14:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 25/01/2021 14:12:00)
Versión imprimible
CVD: w0zc9FJx8yCyMdf6CXin
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

*Antecedentes Administrativos*:

1. O Concello de Lousame acordou, no seu momento, a imposición e aprobación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia (PAI)

2. Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación do servicio pola asistencia dos menores que previa solicitude dos seus pais ou titores, cumprindo os requisitos legais, sexan admitidos no PAI.

3. O artigo 4 da Ordenanza ocúpase de regular as cotas tributarias, remitíndose ao Anexo da Ordenanza, onde tamén se recollen os beneficios e exencións aplicables.

4. O Anexo da Ordenanza, no seu núm. 3, letra C, regula o seguinte beneficio fiscal:

<<C) *Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 por cento*>>

5. O punto 6 da Disposición Adicional 9ª da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, engadido pola Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 246 do 27.12.2019) que preceptúa:

<<*1. Nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais e do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, co fin de lograr o obxectivo de interese público, por razón de impulso demográfico e conciliación, de acadar a gratuidade da atención educativa nelas no casos da matriculación do segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar, aplicarase para estes unha bonificación do 100% dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se encontren en vigor en cada momento (...)*

*2. Co mesmo obxectivo recollido no número anterior, nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes das entidades locais (...) no caso de que as indicadas entidades optaren voluntariamente polo establecemento e aplicación, a partir da matriculación nelas do segundo fillo ou filla da unidade familiar, estes incluídos, da bonificación do 100% (...) serán compensadas (...) mediante a súa inclusión no sistema de cofinanciamento de servizos sociais.*>>

6. Para acadar eses obxectivos de interese público, impulso demográfico, conciliación e gratuidade da atención educativa, o Concello de Lousame tramitou expediente administrativo encamiñado á modificación da Ordenanza Fiscal no seguinte senso:

| | |
|---|---|
| Redacción actual | Anexo, número 3, letra C):<br>Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos *terán un desconto dun 20 por cento.* |
| Modificación proposta | Anexo, número 3, letra C):<br><br>Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos *terán unha bonificación do 100%.* |

A aprobación inicial da modificación desta ordenanza fiscal tivo lugar na sesión plenaria ordinaria do 25.09.2020; e o período de información pública comezou coa publicación do anuncia desa aprobación inicial no BOP núm. 164 do 01.10.2020.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 25/01/2021 14:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 25/01/2021 14:12:00)
Versión imprimible
CVD: w0zc9FJx8yCyMdf6CXin
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Ademais, coa intención de que esa modificación entrase en vigor no máis breve prazo posible, cómpre aplicar ao expediente a tramitación de urxencia; posto que deste xeito a ordenanza local estaría adaptada á normativa autonómica máis rapidamente.

7. O día 05.10.2020, a educadora social do Concello, emite informe técnico no que sinala que a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, ante as dúbidas plantexadas por varios Concellos sobre o alcance da modificación normativa, sacou unha *nota aclaratoria* no seguinte senso:

   *"Tal e como establece a Lei 7/2019, para aplicar a gratuidade da atención educativa para o segundo fillo ou filla e sucesivos non é requisito que o primeiro fillo estea matriculado na escola infantil, dado que en moitos casos o primeiro fillo xa terá superado a etapa de 0-3 anos."*

8. A modificación aprobada inicialmente polo Pleno Corporativo o día 25.09.2020 non é acorde co espírito da nota aclaratoria da Consellería de Política Social, polo que é preciso deixala sen efecto, e aprobar unha nova modificación da Ordenanza Fiscal no seguinte senso:

| | |
|---|---|
| Redacción actual | Anexo, número 3, letra C):<br><br>Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos *terán un desconto dun 20 por cento.* |
| Modificación proposta | Anexo, número 3, letra C):<br><br>No suposto de matriculación no PAI do segundo/a fillo/a e sucesivos/as dunha unidade familiar, seralle de aplicación unha bonificación do 100%; con independencia de que o primeiro/a fillo/a estea ou non matriculado/a no PAI, e sempre que ese/a primeiro/a fillo/a forme parte da unidade familiar. |



*<u>Fundamentación Xurídica</u>:*

1. O órgano competente par a adopción deste acordo é o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

2. O procedemento para aprobar a modificación da ordenanza fiscal é o regulado no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3. Pode prescindirse do trámite de consulta previa definido no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por aplicación do mesmo artigo 133.4 ao estarmos ante unha modificación que non impón obrigas relevantes aos destinatarios e regula só aspectos parciais dunha materia.

4. Pode aplicarse a tramitación de urxencia, ao abeiro do artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que existen razóns de interese público que así o aconsellan, como é a adaptación da ordenanza local á normativa autonómica, no máis breve prazo posible, e á consecución dos obxectivos pretendidos pola normativa autonómica (impulso demográfico, conciliación e gratuidade da atención educativa).

Á vista do exposto, o Pleno Corporativo **ACORDA**:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 25/01/2021 14:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 25/01/2021 14:12:00)
Versión imprimible
CVD: w0zc9FJx8yCyMdf6CXin
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**Primeiro:** Prescindir do trámite de consulta previa definido no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por aplicación do mesmo artigo 133.4, ao estarmos ante unha modificación que non impón obrigas relevantes aos destinatarios e regula só aspectos parciais dunha materia.

**Segundo:** Aplicar a tramitación de urxencia ao expediente administrativo ao abeiro do artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por existir razóns de interese público que así o aconsellan.

**Terceiro:** Deixar sen efecto e desistir da modificación da ordenanza fiscal aprobada inicialmente na sesión plenaria ordinaria do día 25.09.2020.

**Cuarto:** Aprobar inicialmente a modificación da *Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia*, que quedará redactada do seguinte xeito:

| **Modificación do Anexo.3.C)** | |
|---|---|
| Redacción actual | Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos *terán un desconto dun 20 por cento.* |
| Modificación proposta | No suposto de matriculación no PAI do segundo/a fillo/a e sucesivos/as dunha unidade familiar, seralle de aplicación unha bonificación do 100%; con independencia de que o primeiro/a fillo/a estea ou non matriculado/a no PAI, e sempre que ese/a primeiro/a fillo/a forme parte da unidade familiar. |



**Quinto:** Abrir un período de información pública, por un prazo de 15 días hábiles, cun anuncio que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

**Sexto:** No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo que até ese momento era provisional.

**Sétimo:** Unha vez que o acordo provisional se eleve a definitivo (de xeito expreso ou tácito), a entrada en vigor da modificación da ordenanza terá lugar cando se publique completamente o texto da modificación no Boletín Oficial da Provincia".

---

Lousame, na data da sinatura dixital.
A Alcaldesa, Mª Teresa Villaverde Pais

...........................................................................................................................................
...........................................................................................................................................

A Alcaldesa pregunta se hai intervencións.

D. Julio M. D. Paradela Busto pregunta se isto só se lle vai aplicar aos nenos de Lousame.

A Alcaldes responde que só hai matriculados nenos do Concello de Lousame. Pero esa bonificación seralle aplicada a calquera neno que asista ao PAI, xa que se trata dun dereito universal aprobado pola Xunta de Galicia para todos os nenos de Galicia. Neste momento non se

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 25/01/2021 14:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 25/01/2021 14:12:00)
Versión imprimible
CVD: w0zc9FJx8yCyMdf6CXin
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

da ese suposto, pero no caso de que asista ao PAI algún neno non residente en Lousame tamén sería beneficiario desta medida.

Non habendo máis intervencións, somete o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros/as presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:**

**“**O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, na aplicación da lexislación vixente en materia de réxime local, emite o mesmo baseado nos seguintes antecedentes e fundamento xurídicos:

*Antecedentes Administrativos*:

1. O Concello de Lousame acordou, no seu momento, a imposición e aprobación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia (PAI)

2. Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación do servicio pola asistencia dos menores que previa solicitude dos seus pais ou titores, cumprindo os requisitos legais, sexan admitidos no PAI.

3. O artigo 4 da Ordenanza ocúpase de regular as cotas tributarias, remitíndose ao Anexo da Ordenanza, onde tamén se recollen os beneficios e exencións aplicables.

4. O Anexo da Ordenanza, no seu núm. 3, letra C, regula o seguinte beneficio fiscal:

*<<C) Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 por cento>>*

5. O punto 6 da Disposición Adicional 9ª da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, engadido pola Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 246 do 27.12.2019) que preceptúa:

*<<1. Nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais e do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, co fin de lograr o obxectivo de interese público, por razón de impulso demográfico e conciliación, de acadar a gratuidade da atención educativa nelas no casos da matriculación do segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar, aplicarase para estes unha bonificación do 100% dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se encontren en vigor en cada momento (…)*

*2. Co mesmo obxectivo recollido no número anterior, nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes das entidades locais (…) no caso de que as indicadas entidades optaren voluntariamente polo establecemento e aplicación, a partir da matriculación nelas do segundo fillo ou filla da unidade familiar, estes incluídos, da bonificación do 100% (…) serán compensadas (…) mediante a súa inclusión no sistema de cofinanciamento de servizos sociais.>>*

6. Para acadar eses obxectivos de interese público, impulso demográfico, conciliación e gratuidade da atención educativa, o Concello de Lousame tramitou expediente administrativo encamiñado á modificación da Ordenanza Fiscal no seguinte senso:

| | |
|---|---|
| Redacción actual | Anexo, número 3, letra C):<br>Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos *terán un desconto dun 20 por cento.* |



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 25/01/2021 14:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 25/01/2021 14:12:00)
Versión imprimible
CVD: w0zc9FJx8yCyMdf6CXin
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

| | |
|---|---|
| Modificación proposta | Anexo, número 3, letra C):<br><br>Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos *terán unha bonificación do 100%.* |

A aprobación inicial da modificación desta ordenanza fiscal tivo lugar na sesión plenaria ordinaria do 25.09.2020; e o período de información pública comezou coa publicación do anuncia desa aprobación inicial no BOP núm. 164 do 01.10.2020.

Ademais, coa intención de que esa modificación entrase en vigor no máis breve prazo posible, cómpre aplicar ao expediente a tramitación de urxencia; posto que deste xeito a ordenanza local estaría adaptada á normativa autonómica máis rapidamente.

7. O día 05.10.2020, a educadora social do Concello, emite informe técnico no que sinala que a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, ante as dúbidas plantexadas por varios Concellos sobre o alcance da modificación normativa, sacou unha *nota aclaratoria* no seguinte senso:

   *"Tal e como establece a Lei 7/2019, para aplicar a gratuidade da atención educativa para o segundo fillo ou filla e sucesivos non é requisito que o primeiro fillo estea matriculado na escola infantil, dado que en moitos casos o primeiro fillo xa terá superado a etapa de 0-3 anos."*

8. A modificación aprobada inicialmente polo Pleno Corporativo o día 25.09.2020 non é acorde co espírito da nota aclaratoria da Consellería de Política Social, polo que é preciso deixala sen efecto, e aprobar unha nova modificación da Ordenanza Fiscal no seguinte senso:



| | |
|---|---|
| Redacción actual | Anexo, número 3, letra C):<br><br>Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos *terán un desconto dun 20 por cento.* |
| Modificación proposta | Anexo, número 3, letra C):<br><br>No suposto de matriculación no PAI do segundo/a fillo/a e sucesivos/as dunha unidade familiar, seralle de aplicación unha bonificación do 100%; con independencia de que o primeiro/a fillo/a estea ou non matriculado/a no PAI, e sempre que ese/a primeiro/a fillo/a forme parte da unidade familiar. |

*Fundamentación Xurídica*:

1. O órgano competente par a adopción deste acordo é o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local
2. O procedemento para aprobar a modificación da ordenanza fiscal é o regulado no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
3. Pode prescindirse do trámite de consulta previa definido no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por aplicación do mesmo artigo

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 25/01/2021 14:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 25/01/2021 14:12:00)
Versión imprimible
CVD: w0zc9FJx8yCyMdf6CXin
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

133.4 ao estarmos ante unha modificación que non impón obrigas relevantes aos destinatarios e regula só aspectos parciais dunha materia.

4. Pode aplicarse a tramitación de urxencia, ao abeiro do artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que existen razóns de interese público que así o aconsellan, como é a adaptación da ordenanza local á normativa autonómica, no máis breve prazo posible, e á consecución dos obxectivos pretendidos pola normativa autonómica (impulso demográfico, conciliación e gratuidade da atención educativa).

Á vista do exposto, o Pleno Corporativo **ACORDA**:

**Primeiro:** Prescindir do trámite de consulta previa definido no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por aplicación do mesmo artigo 133.4, ao estarmos ante unha modificación que non impón obrigas relevantes aos destinatarios e regula só aspectos parciais dunha materia.

**Segundo:** Aplicar a tramitación de urxencia ao expediente administrativo ao abeiro do artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por existir razóns de interese público que así o aconsellan.

**Terceiro:** Deixar sen efecto e desistir da modificación da ordenanza fiscal aprobada inicialmente na sesión plenaria ordinaria do día 25.09.2020.

**Cuarto:** Aprobar inicialmente a modificación da *Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia*, que quedará redactada do seguinte xeito:

| **Modificación do Anexo.3.C)** | |
|---|---|
| Redacción actual | Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos *terán un desconto dun 20 por cento.* |
| Modificación proposta | No suposto de matriculación no PAI do segundo/a fillo/a e sucesivos/as dunha unidade familiar, seralle de aplicación unha bonificación do 100%; con independencia de que o primeiro/a fillo/a estea ou non matriculado/a no PAI, e sempre que ese/a primeiro/a fillo/a forme parte da unidade familiar. |

**Quinto:** Abrir un período de información pública, por un prazo de 15 días hábiles, cun anuncio que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

**Sexto:** No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo que até ese momento era provisional.

**Sétimo:** Unha vez que o acordo provisional se eleve a definitivo (de xeito expreso ou tácito), a entrada en vigor da modificación da ordenanza terá lugar cando se publique completamente o texto da modificación no Boletín Oficial da Provincia".

## 3) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CRÉDITO EXTRAORDINARIO 33/2020

A Alcaldía-Presidencia da conta da proposta de acordo que se somete á consideración do pleno corporativo, que é a que de seguido se indica:



FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 25/01/2021 14:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 25/01/2021 14:12:00)
Versión imprimible
CVD: w0zc9FJx8yCyMdf6CXin
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

......................................................................................................................................................

**PROPOSTA DA ALCALDÍA: CE 33/2020**

**Antecedentes Administrativos:**

**Primeiro:** O Pleno deste Concello, nas sesións que tiveron lugar os días **19.12.2018 e 18.12.2019** , acordou Participar no "**Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019 e POS+2020" da Deputación Provincial da Coruña**, e solicitar a aplicación do préstamo provincial 2019 e 2020 ás seguintes finalidades:

Investimentos financeiramente sostibles

| Denominación | Préstamo Provincial | Achega Municipal | Orzamento total |
|---|---|---|---|
| PAVIMENTACIÓN VIAIS EN BÉXERES E OUTROS | 150.039,68 | 0,00 | 150.039,68 |
| **Subtotal investimentos préstamo provincial POS+2019** | **150.039,68** | **0,00** | **150.039,68** |
| ACCESO A POUSADA DA ESTR.PORTOBRAVO-TÁLLARA E OU. | 58.901,43 | 0,00 | 58.901,43 |
| CAMIÑO DE VILACOBA A VILAR DE RECONCO | 66.434,45 | 0,00 | 66.434,45 |
| ACCESOS EN COMPARADA E OUTRO | 38.429,83 | 0,00 | 38.429,83 |
| **Subtotal investimentos préstamo provincial POS+2020** | **163.765,71** | **0,00** | **163.765,71** |
| **TOTAL INVESTIMENTOS PRÉSTAMO PROVINCIAL POS+2019 E POS+2020** | **313.805,39** | **0,00** | **313.805,39** |



**Segundo:** O día 06.05.2019, notifícaselle ao Concello de Lousame, a través da plataforma *Subtel*, a circular pola que se aproba a concesión do Préstamo Provincial POS+2019 por importe de 150.039,68 €.

O día 04.08.2020, notifícaselle ao Concello de Lousame, a través da plataforma *Subtel*, a circular pola que se aproba a concesión do Préstamo Provincial POS+2020 por importe de 163.765,71 €.

**Terceiro:** O día 09.06.2020, notifícaselle ao Concello de Lousame, a concesión dunha prórroga para a adxudicación dos investimentos pendentes de adxudicar incluídos no POS+2019 (Plan Único de Concellos) até o **30.11.2020**.

**Cuarto:** No Orzamento Municipal para o actual exercicio 2020, é preciso xerar crédito, con cargo ao Compromiso de Ingreso derivado do Plan único de Concellos POS+2019 e d POS+2020, para facer fronte ós gastos que se producirán unha vez licitados os investimentos.

**Quinto:** Considerando que non se deben demorar estes gastos até o exercicio seguinte, esta Alcaldía estima procedente tramitar un expediente de modificación de créditos, modalidade **crédito extraordinario**, financiado con cargo ao préstamo provincial 2019 e 2020 (POS+ 2019, POS+2020). O **importe desta modificación ascende a trescentos trece mil oitocentos cinco euros con trinta e nove céntimos** (**313.805,39).**

**Sexto:** Por Providencia da Alcaldía do 10.10.2020 incóase o procedemento para tramitar o Crédito Extraordinario 33/2020.

**Sétimo:** O 10.10.2020 a Alcaldía emite a Memoria no cumprimento do sinalado no artigo 37.2 do RD 500/1990, do 21 de abril.

**Oitavo:** Vistos os informes da secretaría-intervención deste concello: núm. 134/2018 do 14/12/2018 (emitido con carácter previo á aprobación do Préstamo Provincial 2019); Informe Tipo (Anexo IX) do 19/12/2019 (emitido no marco da solicitude do Préstamo Provincial 2020); núm. 176/2020 do 11/10/2020 (relativo á MC 33.2020) e o núm. 177/2020 do 11.10.2020 (relativo ao análise da estabilidade orzamentaria, regra do gasto e nivel de endebedamento coa MC 33.2020)

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 25/01/2021 14:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 25/01/2021 14:12:00)
Versión imprimible
CVD: w0zc9FJx8yCyMdf6CXin
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame
Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**Fundamentación xurídica:**

**Primeiro:** O obxecto da modificación orzamentaria é a dotación de crédito para facer fronte aos seguintes investimentos, segundo o acordo plenario do 19.12.2018 e do 18.12.2019:

| Aplicación orzamentaria | Fins a que se destinan os créditos e causas da súa necesidade. | Consignación euros. |
|---|---|---|
| 1532.619.00 | Pavimentación viais en Béxeres e outros | 150.039,68 |
| 1532.619.00 | Acceso a Pousada da estr. Portobravo-Tállara e ou. | 58.901,43 |
| 1532.619.00 | Camiño de Vilacoba a Vilar de Reconco | 66.434,45 |
| 1532.619.00 | Accesos en Comparada e outro | 38.429,83 |
| | **Total créditos extraordinarios....................** | **313.805,39** |

**Segundo:** O crédito extraordinario 33/2020 será financiado con cargo ao Préstamo Provincial 2019 e 2020 (POS+ 2019) e (POS+ 2020), cuxa concesión foi notificada ao Concello de Lousame os días 6.05.2019 e 4.08.2020.

**Terceiro:** O detalle das aplicacións orzamentarias nas que se pretende dotar crédito específico mediante a tramitación deste expediente de modificación orzamentaria son as seguintes:

| Aplicación orzamentaria | Fins a que se destinan os créditos e causas da súa necesidade. | Consignación euros. |
|---|---|---|
| 1532.619.00 | Pavimentación viais en Béxeres e outros | 150.039,68 |
| 1532.619.00 | Acceso a Pousada da estr. Portobravo-Tállara e ou. | 58.901,43 |
| 1532.619.00 | Camiño de Vilacoba a Vilar de Reconco | 66.434,45 |
| 1532.619.00 | Accesos en Comparada e outro | 38.429,83 |
| | **Total créditos extraordinarios....................** | **313.805,39** |



Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, nos artigos 35 e ss. do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Título VI da Lei de facendas locais, reguladores dos créditos extraordinarios, e o artigo 21.1 apartados f) e s) da Lei de bases do réxime local; **esta Alcaldía, no uso das súas competencias, eleva, ao Pleno Corporativo do Concello de Lousame**, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**Primeiro**.- A aprobación inicial do crédito extraordinario núm. 33/2020, mediante o que se dote crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan no seguinte cadro, financiando tal modificación con cargo ao Préstamo Provincial 2019 e 2020 (POS+ 2019 e POS+2020) por importe de 313.805,39 €:

| | |
|---|---|
| Núm. expedinte de MC por CE | 33/2020 |
| Importe da modificación orzamentaria | 313.805,39 € |
| Tipo de financiamento | Préstamo provincial 2019 e 2020.<br>911.00 |
| Aplicacións orzamentarias nas que se dota crédito específico | 1532.619.00 (313.805,39 €) |
| Finalidade da modificación | Financiamento dos investimentos incluídos no Préstamo Provincial 2019 e 2020:<br>– Pavimentación viais en Béxeres e outros: 150.039,68 €<br>– Acceso a Pousada da Estr. Portobravo-Tállara e outros: 58.901,43 €<br>– Camiño de Vilacoba a Vilar de Reconco: 66.434,45 €<br>– Accesos en Comparada e outro: 38.429,83 € |

**Segundo**.- Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante 15 días hábiles, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamacións ante o Pleno Corporativo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 25/01/2021 14:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 25/01/2021 14:12:00)
Versión imprimible
CVD: w0zc9FJx8yCyMdf6CXin
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe
A Alcaldesa
Mª Teresa Villaverde Pais

......................................................................................................................................................

A Alcaldesa pregunta se hai intervencións

Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros/as presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:**

**"Antecedentes Administrativos:**

**Primeiro:** O Pleno deste Concello, nas sesións que tiveron lugar os días **19.12.2018 e 18.12.2019** , acordou Participar no "**Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019 e POS+2020" da Deputación Provincial da Coruña**, e solicitar a aplicación do préstamo provincial 2019 e 2020 ás seguintes finalidades:

Investimentos financeiramente sostibles

| **Denominación** | **Préstamo Provincial** | **Achega Municipal** | **Orzamento total** |
|---|---|---|---|
| PAVIMENTACIÓN VIAIS EN BÉXERES E OUTROS | 150.039,68 | 0,00 | 150.039,68 |
| **Subtotal investimentos préstamo provincial POS+2019** | **150.039,68** | **0,00** | **150.039,68** |
| ACCESO A POUSADA DA ESTR.PORTOBRAVO-TÁLLARA E OU. | 58.901,43 | 0,00 | 58.901,43 |
| CAMIÑO DE VILACOBA A VILAR DE RECONCO | 66.434,45 | 0,00 | 66.434,45 |
| ACCESOS EN COMPARADA E OUTRO | 38.429,83 | 0,00 | 38.429,83 |
| **Subtotal investimentos préstamo provincial POS+2020** | **163.765,71** | **0,00** | **163.765,71** |
| **TOTAL INVESTIMENTOS PRÉSTAMO PROVINCIAL POS+2019 E POS+2020** | **313.805,39** | **0,00** | **313.805,39** |

**Segundo:** O día 06.05.2019, notifícaselle ao Concello de Lousame, a través da plataforma *Subtel*, a circular pola que se aproba a concesión do Préstamo Provincial POS+2019 por importe de 150.039,68 €.

O día 04.08.2020, notifícaselle ao Concello de Lousame, a través da plataforma *Subtel*, a circular pola que se aproba a concesión do Préstamo Provincial POS+2020 por importe de 163.765,71 €.

**Terceiro:** O día 09.06.2020, notifícaselle ao Concello de Lousame, a concesión dunha prórroga para a adxudicación dos investimentos pendentes de adxudicar incluídos no POS+2019 (Plan Único de Concellos) até o **30.11.2020**.



FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 25/01/2021 14:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 25/01/2021 14:12:00)
Versión imprimible
CVD: w0zc9FJx8yCyMdf6CXin
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**Cuarto:** No Orzamento Municipal para o actual exercicio 2020, é preciso xerar crédito, con cargo ao Compromiso de Ingreso derivado do Plan único de Concellos POS+2019 e d POS+2020, para facer fronte ós gastos que se producirán unha vez licitados os investimentos.

**Quinto:** Considerando que non se deben demorar estes gastos até o exercicio seguinte, esta Alcaldía estima procedente tramitar un expediente de modificación de créditos, modalidade **crédito extraordinario**, financiado con cargo ao préstamo provincial 2019 e 2020 (POS+ 2019, POS+2020). O **importe desta modificación ascende a trescentos trece mil oitocentos cinco euros con trinta e nove céntimos** (**313.805,39).**

**Sexto:** Por Providencia da Alcaldía do 10.10.2020 incóase o procedemento para tramitar o Crédito Extraordinario 33/2020.

**Sétimo:** O 10.10.2020 a Alcaldía emite a Memoria no cumprimento do sinalado no artigo 37.2 do RD 500/1990, do 21 de abril.

**Oitavo:** Vistos os informes da secretaría-intervención deste concello: núm. 134/2018 do 14/12/2018 (emitido con carácter previo á aprobación do Préstamo Provincial 2019); Informe Tipo (Anexo IX) do 19/12/2019 (emitido no marco da solicitude do Préstamo Provincial 2020); núm. 176/2020 do 11/10/2020 (relativo á MC 33.2020) e o núm. 177/2020 do 11.10.2020 (relativo ao análise da estabilidade orzamentaria, regra do gasto e nivel de endebedamento coa MC 33.2020)

**<u>Fundamentación xurídica</u>:**

**Primeiro:** O obxecto da modificación orzamentaria é a dotación de crédito para facer fronte aos seguintes investimentos, segundo o acordo plenario do 19.12.2018 e do 18.12.2019:



| Aplicación orzamentaria | Fins a que se destinan os créditos e causas da súa necesidade. | Consignación euros. |
|---|---|---|
| 1532.619.00 | Pavimentación viais en Béxeres e outros | 150.039,68 |
| 1532.619.00 | Acceso a Pousada da estr. Portobravo-Tállara e ou. | 58.901,43 |
| 1532.619.00 | Camiño de Vilacoba a Vilar de Reconco | 66.434,45 |
| 1532.619.00 | Accesos en Comparada e outro | 38.429,83 |
| | **Total créditos extraordinarios....................** | **313.805,39** |

**Segundo:** O crédito extraordinario 33/2020 será financiado con cargo ao Préstamo Provincial 2019 e 2020 (POS+ 2019) e (POS+ 2020), cuxa concesión foi notificada ao Concello de Lousame os días 6.05.2019 e 4.08.2020.

**Terceiro:** O detalle das aplicacións orzamentarias nas que se pretende dotar crédito específico mediante a tramitación deste expediente de modificación orzamentaria son as seguintes:

| Aplicación orzamentaria | Fins a que se destinan os créditos e causas da súa necesidade. | Consignación euros. |
|---|---|---|
| 1532.619.00 | Pavimentación viais en Béxeres e outros | 150.039,68 |
| 1532.619.00 | Acceso a Pousada da estr. Portobravo-Tállara e ou. | 58.901,43 |
| 1532.619.00 | Camiño de Vilacoba a Vilar de Reconco | 66.434,45 |
| 1532.619.00 | Accesos en Comparada e outro | 38.429,83 |
| | **Total créditos extraordinarios....................** | **313.805,39** |

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, nos artigos 35 e ss. do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Título VI da Lei de facendas locais, reguladores dos créditos extraordinarios, e o artigo 21.1 apartados f) e s) da Lei de bases do réxime local; **este Pleno Corporativo do Concello de Lousame**, **ACORDA**:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 25/01/2021 14:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 25/01/2021 14:12:00)
Versión imprimible
CVD: w0zc9FJx8yCyMdf6CXin
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**Primeiro**.- A aprobación inicial do crédito extraordinario núm. 33/2020, mediante o que se dote crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan no seguinte cadro, financiando tal modificación con cargo ao Préstamo Provincial 2019 e 2020 (POS+ 2019 e POS+2020) por importe de 313.805,39 €:

| | |
|---|---|
| Núm. expedinte de MC por CE | 33/2020 |
| Importe da modificación orzamentaria | 313.805,39 € |
| Tipo de financiamento | Préstamo provincial 2019 e 2020.<br>911.00 |
| Aplicacións orzamentarias nas que se dota crédito específico | 1532.619.00 (313.805,39 €) |
| Finalidade da modificación | Financiamento dos investimentos incluídos no Préstamo Provincial 2019 e 2020:<br>– Pavimentación viais en Béxeres e outros: 150.039,68 €<br>– Acceso a Pousada da Estr. Portobravo-Tállara e outros: 58.901,43 €<br>– Camiño de Vilacoba a Vilar de Reconco: 66.434,45 €<br>– Accesos en Comparada e outro: 38.429,83 € |

**Segundo**.- Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante 15 días hábiles, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamacións ante o Pleno Corporativo"

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte horas e corenta e cinco minutos (20:45 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.



A ALCALDESA-PRESIDENTA

María Teresa Villaverde Pais

A SECRETARIA-INTERVENTORA

Paula Ares Otero

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 25/01/2021 14:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 25/01/2021 14:12:00)
Versión imprimible
CVD: w0zc9FJx8yCyMdf6CXin
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).